CIG-SAÚDE
Executiva Nacional

Pilar Farjas Abadía.
Conselleira de Sanidade.

A sanidade pública é un dos piares básicos do sistema de benestar; sendo obriga do goberno crear un clima sanitario que transmita seguridade e confianza á poboación asistida e aos profesionais que nela desenvolven o seu traballo.

Como ben sendo práctica habitual, desde a súa toma de posesión, as organizacións sindicais e o conxunto da poboación somos informados mediante titulares de prensa da política sanitaria que este goberno vai a aplicar; cun afán claro de desmantelar o sistema sanitario vixente, pero sen ter ningún proxecto de xestión que mellore a eficacia e eficiencia do sistema sanitario.

Como vostede é coñecedora, no ano 2008 aprobouse na Mesa Sectorial de Sanidade un documento de: "Redefinición do Complemento Específico", que contaba co apoio da nosa organización sindical. O dito documento recolle:"Fomentar a dedicación exclusiva ao servizo público mediante o dialogo cós profesionais". Dialogo até o de agora inexistente.

A redefinición do complemento específico debe ter, como unha das súas características , a de poñer tempo de traballo de facultativos a disposición do sistema sanitario público. Este novo tempo de traballo, sobre todo en moitas das especialidades nas que hai déficit de profesionais, é imprescindible para poder atender as cada vez maiores demandas da poboación e a unhas listas de espera claramente excesivas. Paralelamente tamén debe permitir incrementar o tempo útil de actividade de moitas infraestruturas e recursos técnicos hoxe infrautilizadas na sanidade pública. Isto debe significar gañar horas de actividade asistenciais, pero tamén docente e investigadora.

A política sanitaria que vostede pon en practica dista moito de mellorar o actual sistema sanitario, desmantela a actividade en quenda de tarde sen ningunha alternativa nin para os profesionais nin para a poboación.

Desde a CIG-SAÚDE somos conscientes de que hai que mellorar a xestión sanitaria, substituíndo o actual sistema de peonadas por traballo estrutural en quenda de tarde. Pero non podemos admitir que se elimine toda actividade en quenda de tarde sen ter unha alternativa real implantada no sistema sanitario público.

Non sabemos cal vai ser a solución que vai dar a Consellaría de Sanidade á supresión de máis dun 20% de actividade que se realiza en quenda de tarde; non é aceptable que a solución pase por seguir engrosando as listas de espera ou fomentando a concertación con centros privados.

Ante esta situación, que nós consideramos moi preocupante pola repercusión asistencial que ten e o efecto negativo sobre a poboación, unha vez máis reiteramos a necesidade de convocar á Mesa Sectorial de Sanidade para abordar con rigor e seriedade o programa de traballo de tarde nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Agardando de Vde. convoque a Mesa Sectorial.

Atentamente.

Compostela, 11 de agosto de 2009.

Asdo: Mª Xosé Abuín Álvarez
Secretaria Nacional de CIG-SAÚDE

Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago

Tfnos: 981 583200
981 564300

Fax: 981 583934

Correo-e:
compostela@cig-saude.org
Web:
www.cig-saude.org